

RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR AS ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2024.

De acordo co establecido no artigo 3 dos Estatutos da Universidade de Vigo é unha competencia da Universidade de Vigo “Organizar actividades de extensión universitaria, culturais, sociais e deportivas”. Consonte o artigo 105 dos citados Estatutos, a Universidade desenvolverá actividades de extensión universitaria dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

Esta convocatoria pretende favorecer estas actividades mediante a organización de conferencias, mesas redondas e actividades culturais que sexan de interese para a comunidade universitaria.

De acordo con todo o indicado, esta reitoría

RESOLVE

Facer pública a convocatoria de axudas para a organización de actividades extra-académicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2024 de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA**1. Obxectivos**

- Promover a realización de actividades culturais nos centros nas súas máis diversas formas, que interesen a amplos sectores da comunidade universitaria e da sociedade en xeral, e proxecten a imaxe da Universidade de Vigo como institución social e cultural.
- Facilitar a organización de ciclos de conferencias de interese xeral, sen a intensidade dos cursos, que traten temas de actualidade e permitan o debate e a crítica de novos coñecementos, ideas e opinión.
- Potenciar diversas formas de cultura e introducir outras novas que amplíen o ambiente cultural universitario, tales como os ciclos de cine, certames, exposicións, reunión con fins socioculturais, audicións musicais, rutas culturais, tanto por itinerarios ricos en patrimonio histórico, como os que se caractericen polos recursos naturais.

2. Modalidades

- Conferencias e mesas redondas. Con esta modalidade poderán planificarse ciclos de conferencias ou mesas redondas que teñan como finalidade a divulgación a amplos colectivos sociais de temas que son de actualidade e de interese Xeral para a comunidade.
- Actividades culturais. Esta modalidade inclúe actividades extraacadémicas, celebración dos patróns dos centros, recuperación das festas populares, realización de actos culturais no eido da música, as artes plásticas, o cine, o recoñecemento do patrimonio próximo
- Actos de gradación



3. Exclusión

Quedan excluídas desta convocatoria:

- As solicitudes presentadas por persoas que non pertencen á comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- As conferencias, mesas redondas ou actos culturais que formen parte de programas de actividades que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.
- Calquera outra actividade competencia doutra vicerreitoría, servizo ou área da Universidade de Vigo distinta da área de actividades culturais.
- Os ágapes, petiscos, comidas ou bebidas e, en xeral, todo tipo de atencións protocolarias.
- As saídas de estudos susceptibles de seren financiadas por medio da convocatoria de prácticas de campo da Universidade de Vigo.

4. Solicitantes, formalización e prazo de solicitudes

Poderá solicitar a axuda para a realización deste tipo de actividades calquera PAS, PDI ou alumnado da Universidade de Vigo.

A proposta de actividades deberá ser aprobada no órgano competente de cada centro, e o decanato ou dirección, presentará a solicitude de axuda mediante o formulario do anexo, debidamente cuberto e asinado, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) como Instancia Xenérica (SXER) dirixida á vicerreitoría do campus correspondente, achegando:

- Copia do acordo da xunta do centro ou órgano competente en cada centro para autorizar a solicitude (debe incluír a data de aprobación)
- No caso de que algunha actividade se realice nun lugar alleo ao centro, deberá achegarse acreditación do permiso para desenvolve-la por parte do órgano competente.
- Documento acreditativo da concesión doutras subvencións externas á Universidade de Vigo para este mesmo fin (indicando a contía da subvención), de ser o caso.

Unha vez recibida a solicitude, a vicerreitoría correspondente realizará a achega da axuda solicitada, sempre que:

- As actividades non están incluídas entre as establecidas no apartado 3 desta convocatoria. (actividades excluídas)
- Non excedan os máximos asignados a cada centro.
- A solicitude se presentase dentro do prazo establecido na presente convocatoria e debidamente cuberta, asinada e coa documentación requirida adxunta.



5. Orzamentos máximos

Cada centro terá dereito a una cantidade máxima que constará de dúas partes: una parte fixa de 1.500€, e unha parte variable calculada tendo en conta o número de persoas matriculadas en estudos de grao e mestrado universitario no centro correspondente durante o presente curso 2023/2024 no día da publicación da convocatoria.

Ata 300 persoas matriculadas	350 euros
De 301 a 750 persoas matriculadas	700 euros
De 751 a 1.500 persoas matriculadas	1.050 euros
De 1.501 a 2.500 persoas matriculadas	1.400 euros
Máis de 2.500 persoas matriculadas	2.000 euros

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 2024 OUR1 211ECUL 22699 do campus de Ourense.
- 2024 PON1 211ECUL 22699 do campus de Pontevedra.
- 2024 00EX 211ECUL 22699 do campus de Vigo.

Para asegurar a tramitación definitiva da presente convocatoria procederase a realizar a retención de crédito correspondente en cada unha das aplicacións orzamentarias antes indicadas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á publicación desta convocatoria e abranguerá ata o 15 de outubro de 2024.

A resolución de notificación corresponderalle á vicerreitora ou vicerreitor correspondente a aprobación inicial de todas as peticións, salvo as que presente dúbidas de estar recollidas no apartado 3, que serán avaliadas pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o correspondente Consello de campus. A resolución será notificada a cada solicitante.

A aceptación da axuda farase mediante un documento asinado pola persoa solicitante comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as condicións aprobadas para realizar a actividade.

Calquera modificación para facer as actividades aprobadas deberá ser avaliada e aceptada pola vicerreitoría correspondente ou, en caso de que presente algunha dúbida, pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o correspondente Consello de campus.

6. Resolución e xustificación

Unha vez aprobada pola vicerreitoría correspondente a achega da axuda solicitada será remitida á Area de Servizos á Comunidade de cada campus (Ourense ou Pontevedra) ou ao servizo de Extensión Universitaria no caso do campus de Vigo. Unha vez revisada e asinada polo órgano correspondente será enviada á xerencia para proceder a súa transferencia ao orzamento do centro solicitante.

Unha vez realizada a actividade o decanato ou dirección solicitante remitirá unha memoria final das actividades realizadas na que se incluírán os xustificantes de pago dos gastos realizados.



7. Tratamento de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXPD”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que nos facilite na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de organizar e xestionar os obradoiros, e amparados por esta convocatoria.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/>, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario, 36310-Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



Edificio Miralles
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 86
www.uvigo.es
vice.extension@uvigo.es

8. Recursos

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 31/10/2023 (D.O.G. do 10 de novembro)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

(asinado electronicamente)

Susana Reboveda Morillo



ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL

Convocatoria 2024

Anexo: impreso de solicitude de organización de actividades (a cubrir polo decanato u a dirección do centro)

Modalidade A1: conferencias e mesas redondas

Modalidade A2: actividades culturais

Título da actividade:		
Centro:		
Documentación que se achega		
Impreso normalizado de solicitude de organización da actividade debidamente cuberto	Si	Non
Copia do acordo da Xunta do centro (debe incluír a data de aprobación)	Si	Non
Documentación acreditativa do financiamento externo (de ser o caso):		
Entidade:	Si	Non
Entidade:	Si	Non
Entidade:	Si	Non



A DATOS DA ACTIVIDADE

I.- RESPONSABLE DA ACTIVIDADE NO CENTRO

Nome:
Teléfono
Correo electrónico:

a.- Se é docente

Departamento:
Centro:

b.- Se é PAS

Posto de traballo:
Centro:

c.- Se é estudante

Titulación ou programa de doutoramento:
Centro:

II.- ACTIVIDADE PROPOSTA

Título:
Destinatarios da actividade:
Lugar de celebración (Centro e localidade):
Datas de celebración da actividade:
Obxectivos:

III.- PROGRAMA DA ACTIVIDADE (débense indicar datas, horario, nomes das persoas ou grupos que participan e actividades)

--



Edificio Miralles
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 86
www.uvigo.es
vice.extension@uvigo.es

B ORZAMENTO	
Ingresos	
I.1 Contribución da Universidade de Vigo	
I.2 Outras contribucións (indíquese a entidade e a contía)	
Total ingresos	
Gastos	
Concepto	Importe
Total gastos	

..... de..... de 2024
O/A decano/a ou director/a do centro

Código seguro de Verificación : GEN-963a-40cb-453e-8f5d-6628-43b3-c73c-1bd7 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-963a-40cb-453e-8f5d-6628-43b3-c73c-1bd7
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 22/02/2024 10:47 | NOTAS : F